



| Guía Docente | | | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|-----------|--|--|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 | | |
| Asignatura (*) | Socioloxía | | Código | 652G03005 | | |
| Titulación | Grao en Educación Social | | | | | |
| Descriptores | | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | | |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 | | |
| Idioma | Castelán/Galego | | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | | | |
| Coordinación | Vazquez Fernandez, Xose Gabriel | Correo electrónico | gabriel.vazquez@udc.es | | | |
| Profesorado | Castro Fernández, Noel Vazquez Fernandez, Xose Gabriel | Correo electrónico | noel.castro.fernandez@udc.es gabriel.vazquez@udc.es | | | |
| Web | | | | | | |
| Descripción xeral | Esta materia ten como finalidade promover unha comprensión reflexiva e crítica da sociedade da que o educador social forma parte, intentando ampliar a súa visión sobre os distintos contextos e variados ámbitos nos que desempeña o seu labor profesional. Para iso, esta materia trata de subliñar a importancia de fomentar a reflexividade e o pensamento crítico, de proporcionar as bases teóricas e conceptuais fundamentais e as ferramentas metodolóxicas coas que facer investigación social e de profundar nas interrelacións existentes na realidade social. Supón un achegamento ao coñecemento científico das sociedades para procurar comprender o mundo no que vivimos, para así tamén poder plantear solucións aos problemas sociais presentes. | | | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes. |
| A2 | Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións. |
| A3 | Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa. |
| A4 | Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas. |
| A5 | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa. |
| A8 | Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos |
| A10 | Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural. |
| A11 | Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa. |
| A13 | Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención. |
| A20 | Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos. |
| B1 | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información. |
| B3 | Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade. |
| B4 | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social. |
| B5 | Capacidade de mostrar actitudes coerentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión. |
| B6 | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |



| | |
|----|---|
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
|----|---|

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|-------------------------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Comprender os supostos e fundamentos históricos e sociolóxicos da acción social e das súas implicacións. Estudar ao individuo como produto da realidade social e como actor nela. | A2 A4 A5 A8 A10 A11 A13 A20 | B1 B5 | C4 C6 C8 |
| Identificar e analizar os distintos contextos, institucións e actores sociais que afectan aos procesos de intervención socioeducativa | A1 A3 A5 A8 A11 A20 | B3 B5 B6 | C4 |
| Entender os paradigmas sociolóxicos como mapas de comprensión da realidade social. | A2 A8 | B1 | |
| Comprender e analizar o concepto de cultura, a súa complexidade e a súa pluralidade e ver a súa concreción no proceso de socialización. | A4 A8 A10 A11 A20 | B1 B5 B6 | C1 C4 |
| Observar, analizar, interpretar, facilitar e favorecer a diversidade humana de todo tipo, incidindo en cuestións como a diversidade cultural, a diversidade funcional ou o xénero. | A11 A20 | B1 B4 B5 | C4 |
| Observar e analizar os distintos factores e procesos de creación de vulnerabilidade, de exclusión, de desigualdade e de discriminación social que dificultan a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos. | A1 A4 A5 A8 A20 | B1 B4 | C4 |
| Xestión e procura de solucións a problemas que se atopen na investigación social. | A13 A20 | B1 C6 C7 | C4 |
| Desenvolvemento de habilidades interpersonais, en especial, a capacidade de traballar en equipo, que fomentará a coordinación e diálogo entre compañeiros. | A13 | B5 B6 | C1 C4 |
| Desenvolvemento de habilidades lingüísticas, de comunicación e de expresión oral. Incidindo no emprego dunha lenguaxe inclusiva, que incorpore tamén á perspectiva de xénero e o respeto e fomento aos principios de sostenibilidade, xustiza e igualdade. | A13 A20 | B6 | C1 C7 |

| Contidos | | |
|----------|--|----------|
| Temas | | Subtemas |



| | |
|--|--|
| TEMA 1.- PENSANDO SOCIOLÓXICAMENTE | 1.1.- O carácter científico da socioloxía e o seu obxecto de estudio 1.2.- O xurdimento da socioloxía como ciencia 1.3.- As orixes da teoría sociolóxica: Comte e Saint-Simon |
| TEMA 2.- PARADIGMAS TEÓRICOS E CONTEMPORÁNEOS DA SOCIOLOXÍA E A SÚA OPERATIVIDADE NA SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN | 2.1.- O paradigma funcionalista representado por Émile Durkheim 2.2.- A teoría do conflito e o pensamento de Karl Marx 2.3.- A acción social e a educación en Max Weber 2.4.- Reproducción y cambio sociales |
| TEMA 3.- CULTURA E SOCIALIZACIÓN | 3.1.- Cultura, sociedade e personalidade 3.2.- O proceso de socialización 3.3.- Os axentes de socialización 3.4.- A educación e o sistema educativo formal |
| TEMA 4.- DESIGUALDADE, ESTRATIFICACIÓN E REPRODUCCIÓN SOCIAL | 4.1.- O concepto de estrutura e estratificación social 4.2.- Tipos de sociedades. Sistemas de estratificación social 4.3.- Desigualdade social, pobreza e exclusión 4.4.- O xénero como variábel de desigualdade. A construcción social do sexo |
| TEMA 5.- A GLOBALIZACIÓN. INMIGRACIÓN E DIVERSIDADE CULTURAL | 5.1.- A globalización 5.2.- A inmigración e os modelos de integración social 5.3.- Diversidade cultural 5.4.- Eusocialidade |
| TEMA 6.- FERRAMENTAS METODOLÓXICAS NO ESTUDO DA SOCIOLOXÍA. O COÑECEMENTO DO MEDIO SOCIAL | 6.1.- As etapas da investigación social e a metodoloxía cuantitativa e cualitativa nas Ciencias Sociais 6.2.- As fontes secundarias de información estatística e a enquisa. 6.3.- A observación participante 6.4.- A entrevista en profundidade 6.5.- O grupo de discusión |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A13 A20 B5 B6 C1 C4 C7 C8 | 20 | 20 | 40 |
| Lecturas | A2 A4 B1 B6 C1 C7 | 1 | 11 | 12 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A8 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | 10 | 30 | 40 |
| Discusión dirixida | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A10 A11 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 | 5 | 20 | 25 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A5 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B5 B6 C1 C6 C8 | 5 | 20 | 25 |
| Proba obxectiva | B1 B6 C1 C7 | 1 | 6 | 7 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descripción |
| Sesión maxistral | <p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor/a. A clase expositiva irá complementada con aulas interactivas con actividades e métodos que permitan un rol más activo dos estudiantes. Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratados. A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi importante e moi valorado.</p> <p>A parte expositiva é unha fonte máis de información, quizás a principal para o alumnado, polo que debe ter a súa incidencia na formación e aprendizaxe. De aí tamén que compute na avaliación, a traveso do seguimento e interese por parte do alumnado.</p> |
| Lecturas | <p>Haberá lecturas obligatorias e que deberán integrarse nos traballos de carácter práctico. Polo cal tamén puntúan e contan na avaliación da materia.</p> <p>Nalgúns temas do programa o/a profesor/a poderá proporcionar unha serie de lecturas complementarias e de apoio aos aspectos teóricos desenvolvidos nas sesións maxistrais.</p> <p>Tamén, as lecturas tratan de evitar a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións.</p> <p>Ademais, nalgúns casos poderán emplegarse, a discreción do profesor/a, así como outras fuentes de información (documentais, películas, etc.) para dinamizar debates e para saber interpretar resultados cuantitativos e cualitativos.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Hai dous tipos de traballos tutelados: as prácticas plantexadas en clase sobre o exposto (de forma individual ou grupal) e un traballo de maior extensión sobre unha cuestión sociolóxica (e a súa exposición oral). Este traballo é para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fuentes de información relacionadas coa materia. Debe estar relacionado preferiblemente con algún tema visto na materia e enfocado desde unha perspectiva sociolóxica. Tamén debe presentarse nun formato científico, tanto no que se refire a forma e tamaño, como en canto á estrutura do texto, a presentación, referencias bibliográficas, etc.</p> <p>As instrucións más polo miúdo serán proporcionadas polo profesor/a durante o curso.</p> |
| Discusión dirixida | <p>Tras as sesións expositivas ou maxistrais, haberá debates sobre o exposto. Nas clases sostense o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.</p> <p>Estos debates tamén son fonte de información.</p> <p>Asemejadamente, a participación e o interese nos mesmos terase en conta de cara a avaliación da materia.</p> |
| Análise de fontes documentais | <p>Ademais das lecturas obligatorias e as recomendadas, para os traballos prácticos e final haberá que consultar outras fuentes de información e documentais, para formar así a base máis científica dos mesmos.</p> |
| Proba obxectiva | <p>Os contidos das clases poden ser avaliados mediante algúna proba obxectiva, tipo examen, para comprobar o grao de coñecemento afianzado polo alumnado. Dita proba pode ser de carácter parcial e oral, con preguntas tipo test sobre o contido abordado nun período determinado. Ou pode ser unha proba final por escrito sobre o total do contido da materia.</p> |

| Atención personalizada | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descripción |
| Lecturas | A atención personalizada realizarase de forma presencial ou virtual, por correo, chat ou videoconferencia. |
| Traballos tutelados | Para comprender as lecturas e realizar traballos tutelados, ademais das consultas directas, pódense programar as tutorías necesarias, ben presenciais ou virtuais. Para iso, ademais de poder concertalas directamente, tamén é recomendable facelo a través do correo electrónico. |
| Sesión maxistral | |
| Análise de fontes documentais | Aqueles alumnos que teñan recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica e non teñan que realizar a avaliación presencial continua de forma xustificada, poderán realizar o traballo e demais tarefas de forma non presencial. |
| Proba obxectiva | |
| Discusión dirixida | |

Avaliación



| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descripción | Cualificación |
|-------------------------------|---|---|---------------|
| Lecturas | A2 A4 B1 B6 C1 C7 | As lecturas obligatorias e recomendadas deberán quedar reflectidas nos contidos das tarefas, traballos, intervencións e demais áreas de competencia da materia. O profesor tamén pode establecer probas, por exemplo tipo exame, se o considera necesario. | 15 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A8 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | As tarefas e traballos prácticos realizados na clase considéranse traballos titelados. En todos eles valorarase: -Comprensión e manexo de conceptos, textos e teoría sociolóxica. -Utilización de fontes e ferramentas adecuadas para a investigación social. -Pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -Capacidade para traballar en grupo (se é o caso). O profesor tamén pode establecer probas, por exemplo tipo exame, se o considera necesario. | 20 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A13 A20 B5 B6 C1 C4 C7 C8 | Valorarase a asistencia, o interese mostrado e a participación; así como a repercusión dos contidos expostos nos traballos a realizar ao longo do curso. Para iso, o profesor debe contar con referencias explícitas suficientes ao respecto, podendo recorrer tamén a outras formas de verificación, como probas escritas, por exemplo, un exame. | 20 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A5 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B5 B6 C1 C6 C8 | Nos traballos a realizar, terase en conta a consulta, uso, recurso e reflexo das fontes de información consultadas. O profesor tamén poderá poñer alguma proba, por exemplo tipo examen, se así o estima. | 10 |
| Proba obxectiva | B1 B6 C1 C7 | Na proba obxectiva se valorará: -O domiño e comprensión do contido. -A capacidade de síntese. -A corrección do exposto e da súa expresión. -A aplicabilidade do explicitado. -A calidade do traballo. | 25 |
| Discusión dirixida | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A10 A11 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 | Os debates sobre os temas da materia pretenden ser enriquecedores e iso depende en gran medida das contribucións por parte do alumnado, as cales son tidas en conta para a avaliación. | 10 |

Observacións avaliación



Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo, ?permanencia? e ?fraude académico? se rexirán dacordo coa normativa académica vixente da UDC. Avaliación continua. Consta dunha parte teórica, correspondente á aplicación dos contidos das clases maxistrais, das lecturas e das consultas de fontes documentais, que se reflecten ou non nas probas e traballos correspondentes.

Máis a parte práctica, correspondente ao conxunto de actividades nas clases, traballo, interese, asistencia e participación.

Deste xeito, valórase todo o feito polo alumno ao longo do curso.

Para superar a materia será necesario asistir ao 80% das clases, así como realizar e entregar os traballos prácticos, probas e acreditar as lecturas obligatorias, a utilización de contidos das clases maxistrais e fontes documentais.

Avaliación discontinua.

O alumnado que teña recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou exención académica (aqueles que non teñan avaliación presencial continua xustificada), salvo no que se refire á asistencia e participación, terá un criterio de avaliación similar ao continuo, fundamentalmente a través dos traballos, tarefas e lecturas tuteladas, para as que deberán manter un contacto informativo suficiente e necesario, directo ou virtual, co profesor.

Segunda oportunidade.

Os que suspensen a primeira convocatoria, tanto na modalidade de avaliación continua como descontinua, terán que presentarse ao exame nas datas oficiais fixadas para a segunda oportunidade.

Plaxio. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometía a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Nas actas figurará un non presentado nesta oportunidade.

Fontes de información

| | |
|---------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- GIDDENS, A. (2014). Sociología. Madrid: Alianza Editorial- BERGER, P. y LUCKMANN, T. (1968). La construcción social de la realidad. Buenos Aires: Amorrortu- DURKHEIM, E. (2000). Educación y sociología. Barcelona: Península- MILLS, C. W. (2003). La imaginación sociológica. México: Fondo de Cultura Económica- VÁZQUEZ, X. G. (2020). Balance sociológico de nuestra era. Amazon: Independently published- LIGHT, D.; KELLER, S.; CALHOUN, C. (1991). Sociología. Bogotá: McGraw-Hill- GONZÁLEZ-ANLEO, J. (1994). Para comprender la Sociología. Estella (Navarra): Verbo Divino- MACIONIS, J.J. Y K. PLUMMER (2011). Sociología. Madrid: Pearson- GINER, S. (2011). Teoría sociológica clásica. Barcelona: Ariel- KERBO, H. (2003). Estratificación social y desigualdad: el conflicto de clases en perspectiva histórica, comparada y global. Madrid: McGrawHill- REQUENA, M. ET AL. (2013). Estratificación social. Madrid: McGraw-Hill- ALGUACIL, J. (2011). Cómo se hace un trabajo de investigación en sociología. Madrid: Los Libros de la Catarata- GARCÍA FERRANDO, M. ET AL. (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza- RODRÍGUEZ CAAMAÑO, M.J. (Coord.) (2001). Temas de sociología. Madrid: Huerga y Fierro- LAMO DE ESPINOSA, E. (1990). La sociedad reflexiva: sujeto y objeto del conocimiento sociológico. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas- FERNÁNDEZ PALOMARES, F. (Coord.) (2003). Sociología de la educación. Madrid: Prentice-Hall- RODRÍGUEZ IBÁÑEZ, J.E. (1989). La perspectiva sociológica: historia, teoría y método. Madrid: Taurus- PICÓ, J. Y SANCHÍS, E. (2003). Sociología y sociedad. Madrid: Tecnos |
| Â | |

**Bibliografía complementaria**

- GARCÍA FERRANDO, M. (coord.) (1999). Pensar nuestra sociedad. Fundamentos de Sociología. Valencia, Tirant lo Blanch, 4ª edición.
- ALONSO, L.E (1998). La mirada cualitativa en sociología. Fundamentos, Madrid.
- BAUMAN, Z. y MAY, T. (2007). Pensando sociológicamente. Buenos Aires, Nueva Visión.
- ALONSO, L.E. et al. (2004). Pierre Bourdieu, las herramientas del sociólogo. Madrid, Fundamentos
- FEITO, G. (1995). Estructura Social Contemporánea. Las clases sociales en los países industrializados. Madrid, Siglo XXI.
- FERNÁNDEZ, M. (1996). Inmigración y Etnicidad. Madrid, Centro de Investigación y Documentación Educativa.
- GINER, S. (1988). Historia del pensamiento social. Barcelona, Ariel
- RITZER, G. (2001). Teoría sociológica clásica. Madrid, McGraw-Hill, 3ª edición.
- RITZER, G (2002). Teoría sociológica moderna., Madrid, McGraw-Hill, 5ª edición.
- SUBIRATS, M. y TOMÉ, A. (2007). Balones Fuera: reconstruir los espacios de la coeducación. Barcelona, Octaedro.
- VV.AA. (2008). Metodología de las Ciencias Sociales. Madrid, Editorial Tecnos
- GONZÁLEZ SEARA, L. (1976). La Sociología, aventura dialéctica. Madrid: Tecnos

Recomendacions**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Cuestiós filosóficas do mundo contemporáneo/652G03036

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación permanente/652G03008

Materias que continúan o temario

Historia da educación/652G03011

Observacíós

Nas clases sosterase o principio de debate, escoitando e respetando todas as opiniós diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías